

Sede Central	Miguel F.Caaveiro, s/n Teléfono: 981 56 43 00	15703 Santiago Fax: 981 57 10 82
Local Nacional	Gregorio Espino, 47-ent. Teléfono: 986 82 79 00	36205 Vigo Fax: 986 26 27 81
Vigo	Gregorio Espino, 47-ent. Teléfono: 986 82 79 00	36205 Vigo Fax: 986 26 28 44
Pontevedra	Pasantería, 1-baixo Teléfono: 986 85 29 50	36002 Pontevedra Fax: 986 85 50 50
Ourense	P. San Lázaro, 12-1ª dta Teléfono: 988 23 31 34	32003 Ourense Fax: 988 22 28 55
A Coruña	Alfonso Molina, s/n-6 Teléfono: 981 16 92 93	15008 A Coruña Fax: 981 15 15 39
Ferrol	E. Pondal, 41/43 ent. Teléfono: 981 35 87 50	15403 Ferrol Fax: 981 35 87 60
Santiago	Miguel F.Caaveiro, s/n Teléfono: 981 58 34 57	15703 Santiago Fax: 981 58 39 34
Lugo	Ronda Muralla, 58 baixo Teléfono: 982 22 58 12	27003 Lugo Fax: 982 25 38 91
A Mariña	García Dóriga, s/n-2ª Teléfono: 982 56 15 41	27850 Viveiro Fax: 982 55 19 85

A negociación colectiva

A negociación colectiva é un instrumento que debemos utilizar para erradicar as discriminacións e avanzar na igualdade real. A través dela é posíbel pactar unhas condicións máis beneficiosas para as mulleres que os mínimos legais que fixa o Estatuto dos Traballadores. Propomos introducir nos convenios as seguintes medidas:

- Incluir os principios de igualdade entre homes e mulleres e de non discriminación por razón de opción sexual como premisas sobre as que redactar o convenio.
- Prohibir requisitos que supoñan para as mulleres unha limitación no acceso ao emprego por supor unha manifesta dificultade destas para cumprilos.
- Eliminar nas ofertas de emprego a especificación do sexo e do estado civil.
- Non permitir diferencias nas retribucións, nin nas categorías, nin no salario base nin nos complementos salariais, respectando o principio de “igual salario para traballos de igual valor”.
- Garantir que as revisións médicas nas empresas se realicen atendendo ás necesidades de saúde e ás peculiaridades das traballadoras, incluíndo as revisións xinecolóxicas.
- Inclusión de anexos que recollan nos convenios a lista de axentes químicos, físicos e biolóxicos susceptibles de causar prexuízos á saúde da traballadora ou do feto.
- Garantir e determinar períodos de descanso, cambios de posto de traballo e excedencias compartidas por xestación, maternidade e lactación.
- Garantir para calquera traballadora ou traballador a reserva do posto de traballo durante tres anos por nacemento ou adopción dun fillo ou filla, e o reingreso ao mesmo en idénticas condicións.

- Promover permisos retribuídos para mulleres e homes para o coidado de fillas e fillos ou maiores dependentes.
- Incluir unha cláusula que permita a acumulación, ao inicio ou remate da xornada, das dúas fraccións de media hora por lactación, sen fixar se é a nai ou o pai quen deba disfrutalo.
- Concretar medidas de acción positiva que favorezan o acceso á formación e promoción de mulleres a aqueles traballos ou postos nos que estean subrepresentadas.
- Eliminar as condicións de promoción profesional que sexan discriminatorias para as mulleres por favorecer condicións “masculinas”.
- Promover a concesión de axudas de custo, para aqueles postos que requiran unhas especiais condicións, non mediatizada por razón de sexo.
- Establecer mecanismos de control para asegurar a igualdade de oportunidades.
- Regular a figura do “acoso sexual”, definindo o concepto e recollendo as canles de denuncia no interior da empresa.
- Introducir cláusulas que delimiten determinadas modalidades de contratación que afectan de xeito moi especial ás traballadoras.
- Activar a participación das mulleres na formación, dentro do horario laboral e sen prexuízo salarial.
- Eliminar a linguaxe sexista tanto nos convenios coma en toda a documentación que elabore a empresa, sobre todo cando esta linguaxe oculta outras discriminacións.
- Regular a obriga das empresas a completar a xornada laboral daquelas traballadoras que teñen un contrato parcial, sempre que haxa necesidade de novo persoal ou quede algunha vacante.

**movéndonos
para
cambiar o futuro**



Principios e obxectivos da Secretaría da Muller da CIG

GZ

A Secretaría da Muller asume como seus os principios programáticos da Confederación Intersindical Galega (CIG): sindicalismo de clase, nacionalismo, autoorganización, solidariedade e internacionalismo, democracia e participación.

Ademais do antedito, a Secretaría da Muller declárase feminista en canto que trata de mudar a orde social establecida para lograr a plena igualdade de xénero.

Persegue os obxectivos xenéricos establecidos para a Confederación, ampliando estes no campo do noso traballo específico:

- Defensa dos intereses das mulleres traballadoras, loitando pola non discriminación laboral, tanto nas condicións de traballo coma no acceso ao mercado laboral, porque somos conscientes de que a independencia económica é básica para decidir.
- Pronunciarase contra calquera tipo de opresión ou acoso por razón de xénero.
- Potenciará a participación en todo tipo de iniciativas ou campañas destinadas a defender os dereitos das mulleres en todas as ordes da vida.
- Propiciará, ate onde sexa posíbel, a unidade de acción con outras organizacións de mulleres.
- Impulsará a formación sindical encamiñada a incentivar a participación das mulleres na vida sindical e o compromiso na toma de decisións no sindicato.
- Promoverá a loita pola transformación da sociedade ate acadar a plena igualdade das mulleres.
- Pulará pola completa normalización da linguaxe non sexista.
- Loitará contra a violencia de xénero en xeral, denunciando os malos tratos e o acoso sexual e promovendo medidas para a súa erradicación.

Principes et objectifs du Secrétariat de la Femme de la CIG

FR

LE Secrétariat de la femme assume comme siens les principes du programme de la CIG: syndicalisme de classe, nationalisme, solidarité et internationalisme, démocratie et participation, indépendance, pluralisme, transformation unité et normalisation.

Le Secrétariat de la femme se déclare féministe en tant qu'elle essaie de changer l'ordre social établis pour parvenir à la pleine égalité de genre.

Elle poursuit les objectifs génériques établis par la Confédération, en les étendant dans le champ de notre travail spécifique.

- Défense des intérêts des femmes qui travaillent, en luttant pour la non discrimination dans le travail, aussi bien en ce qui concerne les conditions de travail que dans l'accès au marché du travail, car nous sommes conscientes de l'importance de l'indépendance économique pour pouvoir décider.
- Elle se prononcera contre tout type d'oppression ou d'harcèlement pour raison de genre.
- Elle rendra possible la participation de tout type d'initiative ou de campagnes destinées à défendre les droits des femmes dans tout les domaines de la vie.
- Elle rendra propice jusqu'à un possible, l'unité d'action avec d'autres organisations de femmes.
- Elle stimulera la formation syndicale acheminée à stimuler la participation des femmes dans la vie syndicat.
- Elle promouvra la lutte pour la transformation de la société jusqu'à obtenir la pleine égalité des femmes.
- Elle se battra pour la complète normalisation d'un langage non sexiste.
- Elle luttera contre la violence de genre en général, en dénonçant les mauvais traitements et le harcèlement sexuel des mesures pour son éradication.

Principios y objetivos de la Secretaría de la Mujer de la CIG

ES

LA Secretaría de la Mujer asume como suyos los principios programáticos de la Confederación Intersindical Galega (CIG): sindicalismo de clase, nacionalismo, solidaridad e internacionalismo, democracia y participación, independencia, pluralismo, transformación, unidad y normalización.

La Secretaría de la Mujer se declara feminista pues trata de cambiar el orden social establecido con la finalidad de lograr la plena igualdad de género.

Persigue los objetivos genéricos establecidos para la Confederación, ampliándolos en el campo de nuestro trabajo específico:

- Defensa de los intereses de las mujeres trabajadoras, luchando por la no discriminación laboral, tanto en las condiciones de trabajo como en el acceso al mercado laboral, porque somos conscientes de que la independencia económica es básica para decidir.
- Se pronunciará contra cualquier tipo de opresión o acoso por razón de género.
- Potenciará la participación en todo tipo de iniciativas o campañas destinadas a defender los derechos de las mujeres en todas las órdenes de la vida.
- Propiciará, hasta donde sea posible, la unidad de acción con otras organizaciones de mujeres.
- Impulsará la formación sindical encaminada a incentivar la participación de las mujeres en la vida sindical y el compromiso de toma de decisiones en el sindicato.
- Promoverá la lucha por la transformación de la sociedad hasta conseguir la plena igualdad de las mujeres.
- Defenderá y luchará por la completa normalización del lenguaje no sexista.
- Luchará contra la violencia de género en general, denunciando los malos tratos y el acoso sexual y promoviendo medidas para su erradicación.

Principles and Goals of the CIG Women's Secretariat

UK

THE Women's Secretariat echoes the programmatic principles of the Galician Interunionist Confederation (CIG), that is, class unionism, nationalism, solidarity and internationalism, democracy and participation, independence, pluralism, transformation, unity and normalization.

The Women's Secretariat declares itself to be feminist since it tries to change the established social order with the aim of achieving full gender equality.

This Secretariat pursues the generic goals established for the CIG, emphasizing and paying special attention to those issues concerning the field of our specific activity:

- The Women's Secretariat will defend the interests of working women, struggling for non-gender discrimination in employment, both in the working conditions and in the access to the labour market, because we are aware that economic independence is essential for women to decide.
- It will manifest its opposition to any kind of oppression or harassment on the grounds of gender.
- It will make possible the participation in any kind of initiatives or campaigns aimed at defending women rights in all fields of life.
- It will honour, insofar as it is possible, the unity of action with other women's organizations.
- It will promote unionist training in order to encourage the participation of women in unionism and the commitment in decision-making in the trade union bodies.
- It will foster the struggle for the transformation of society until full women's equality be achieved.
- It will strive for the complete normalization of non-sexist language.
- It will fight against gender violence in general, denouncing ill-treatment and sexual harassment as well as fostering measures to eradicate any gender discrimination.